



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE XUÑO DE 2018**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/456/2014.- RAQUEL VARA GONZÁLEZ.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para obras de ampliación de vivenda unifamiliar no lugar Esquipa (A), 18, Lavacolla.

**LIC/1698/2017.- INMO CRITERIA CAIXA SAU.-** Conceder licenza para a construción dun edificio de 47 vivendas, garaxes, trasteiros e locais sen acondicionar en Avda. Liberdade (da), 28.

**LIC/642/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SALVADAS, 17.-** Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para obras de instalación dun ascensor para mellora da accesibilidade no edificio situado na rúa Salvadas, 17.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para obras de ampliación de vivenda unifamiliar no lugar de Esquipa (A), 18, Lavacolla. LIC/456/2014.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a construción dun edificio de 47 vivendas, garaxes, trasteiros e locais sen acondicionar en Avda. Liberdade (da), 28. LIC/1698/2017.**

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para obras de instalación dun ascensor para mellora da accesibilidade no edificio situado na rúa Salvadas, 17. LIC/642/2018.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón Douro - FASE I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020".** Acórdase adxudicar o contrato de referencia á empresa Alcomte Galicia SL, por un importe de 1.131.542,06 euros, IVE incluído.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Mellora de accesibilidade na rúa Triacastela".** Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa COPCISA SA, por un importe de 355.339,38 euros, IVE incluído. A empresa compromete unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos e un incremento do 1% no orzamento de control de calidade e xestión de residuos.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación das "Obras para a execución do Proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso a Busto: cruce de Chorente - Neiro (POS+OBRASSUM/2017)".** Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Alcomnte Galicia SL, por un importe de 100.000 euros, IVE incluído. A empresa compromete a contratación dun traballador desempleado a xornada completa durante todo o tempo de duración da obra.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal relativa á adxudicación do contrato das "Obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel".** Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da UTE Francisco Gómez y CIA & Calfensa Proyectos SL, por un importe de 434.995 euros, IVE incluído. A UTE compromete unha ampliación do prazo de garantía de dez anos, sobre o mínimo de cinco previstos.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Informática relativa á creación do rexistro de actividades de tratamento do concello de Santiago de Compostela.** Acórdase crear o Rexistro de Actividades de Tratamento do Concello de Santiago de Compostela en aplicación do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos. Calquera modificación do Rexistro deberá realizarse mediante acordo da Xunta de Goberno Local previo informe do delegado de protección de datos.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local sito na Calzada das Cancelas, nº 19 baixo, para uso sociocultural no barrio das Cancelas.** Acórdase prorrogar o contrato polo prazo dun ano, a contar desde o 16 de xullo de 2018 ata o 15 de xullo de 2019. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 679,81 euros.

**11.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais da sinatura do convenio de cooperación educativa entre o Concello de Santiago e a Universidade de Vigo para o programa de prácticas académicas externas para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudantado en áreas operativas da empresa.** Dase conta.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta de alcaldía relativa á aprobación do convenio coa Deputación da Coruña para o cofinanciamento do patrocinio da celebración da Fase Final da Supercopa ACB en Santiago.** Apróbase o convenio polo que a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago cofinanciarán a partes iguais o patrocinio da celebración da Fase Final da Supercopa ACB en Santiago, que suporá un investimento total de 242.000 euros.

**2.-Resolución de discrepancia por reparo.** Apróbase a proposta.

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á alta do tratamento de Orzamentos Participativos no Rexistro de Actividades de Tratamento do Concello de Santiago.** Apróbase a proposta.